



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

DECRETO CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO NÚM. 10 DO 24 DE SETEMBRO DE 2026

No uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; polo artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; e polos artigos 78.1, 80, 82 e 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Visto o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Muros, en sesión extraordinaria celebrada o 31 de xullo de 2023, polo que se acordou que o Pleno celebre as súas sesións ordinarias mensualmente, o último xoves de cada mes, ás 20:30 horas.

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar sesión ordinaria do Pleno da Corporación, que se celebrará no Salón de Plenos da Casa Consistorial o día **24 de setembro de 2026, ás 20:30 horas**, para debater e resolver os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

A. PARTE DISPOSITIVA

PRIMEIRO. Aprobación das actas anteriores: acta núm. 8, correspondente á sesión ordinaria do Pleno do 30 de xullo de 2026, e acta núm. 9, correspondente á sesión extraordinaria do Pleno do 16 de setembro de 2026.

SEGUNDO. MOCIÓN DE URXENCIA

B. PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

TERCEIRO. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 669 de 18 de xullo de 2026, á 817 de 17 de setembro de 2026, e das XGL núm. 16 do 22 de xullo, núm. 17 do 10 de setembro e núm. 18 de 16 de setembro, e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

CUARTO. Rogos e preguntas

Segundo.- No caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria, entenderase convocada automaticamente a sesión, en segunda convocatoria, **á mesma hora, dous días despois**, de conformidade co disposto no artigo 90.2 do ROF.

Terceiro.- Notificar a presente convocatoria e a orde do día a todos os membros da Corporación, acompañando os borradores das actas das sesións anteriores que se someten a aprobación e poñendo á súa disposición, desde o mesmo día da convocatoria, a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día.

Cuarto.- Proceder á publicación da convocatoria e da orde do día no taboleiro de edictos municipal.

Documento asinado en Muros na data da sinatura dixital pola alcaldesa, D^a María Lago Lestón, ante min, o secretario accidental, D. José Manuel Mayo Priegue.

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS DO PLENO DA CORPORACIÓN

Da. Laura Eiras Rivadeneira e D. Mario Martínez Lago e Da. Maruxa Martínez Romaní (BNG), Da. Caridad González Cerviño, D. Damián Torea García e Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE), Da. María Inés Monteagudo Romero, D. José Vázquez Rama, Da. María del Carmen González García, D. Juan Manuel Martínez Martínez e Da. María Manuela Leis Cambeiro (PP), D. Manuel Secundino Lago Álvarez.